

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Área de Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes

Convocatoria do programa de subvencións a entidades deportivas da provincia da Coruña, sen ánimo de lucro, para infraestruturas e equipamento, durante o ano 2015

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DA PROVINCIA DA CORUÑA, SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO, DURANTE O ANO 2015

BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA (complementarias das bases reguladoras xerais)

Datos da convocatoria

Denominación:	Convocatoria do programa de subvencións para infraestrutura e equipamento deportivo durante o ano 2015
Referencia:	FO104/2015
Aplicación orzamentaria:	0612/341/781
Importe do orzamento de gastos:	Mínimo 3.000 €, máximo 75.000 €
Importe da subvención que se ha conceder:	De 600 € a 30.000 €
Importe da solicitude:	Do 20% ao 70% do orzamento de gastos subvencionable
Coefficiente de financiamento:	Variable entre 0,2000 e 0,7000

Base 3. Obxecto

Obxecto específico da convocatoria FO104/2015

As axudas económicas obxecto da presente convocatoria destinaranse á realización de investimentos deportivos. Unicamente serán obxecto de axuda os gastos por adquisición, rehabilitación ou mellora de bens inventariables, equipamentos e moblaxe.

Base 4. Exclusiones

Exclusiones específicas da convocatoria FO104/2015

Ademais das exclusiones expresadas na base 4 das bases reguladoras, non serán obxecto de subvención neste programa:

- A adquisición ou construción de novas instalacións.
- Os investimentos culturais, de promoción económica e de servizos sociais.

Base 5. Entidades solicitantes

Requisitos específicos da convocatoria FO104/2015

A presente convocatoria vai dirixida a entidades de carácter deportivo, sen ánimo de lucro.

Base 6. Obrigas das entidades beneficiarias

Obrigas das entidades beneficiarias específicas da convocatoria FO104/2015

Ademais das obrigas expresadas na base 6 das bases reguladoras, as entidades beneficiarias de subvención neste programa terán as seguintes:

No suposto de rehabilitación e mellora de bens inventariables, as entidades beneficiarias quedan obrigadas a destinar os bens á fin concreta para a que foi concedida a subvención durante un período mínimo de 5 anos no caso de inmobles ou de 2 anos no caso de bens inventariables.

Base 7. Solicitude

7.1. Prazo e presentación de solicitudes específicos da convocatoria F0104/2015

Inicio do prazo de presentación de solicitudes:	Día de publicación no BOP
Fin do prazo de presentación de solicitudes:	14.00 horas do día 20 de novembro de 2014

7.2. Documentación e compromisos específicos da convocatoria F0104/2015

Ademais da documentación relacionada na base 7 das bases reguladoras, as entidades solicitantes teñen que achegar, de xeito telemático:

- Memoria explicativa do investimento que conterá os seguintes aspectos: breve descrición do investimento que se vai realizar, para os efectos de comprobar que é subvencionable nesta convocatoria segundo o disposto na base 3; calendario de realización ao longo do ano 2015; adecuación do investimento ao interese provincial; número de persoas beneficiarias directa ou indirectamente do investimento.
- No caso de obras: resumo do presuposto de execución por capítulos ou unha memoria valorada, pero unha vez concedida a axuda, de ser legalmente necesario, requirirase para a xustificación a achega do proxecto técnico. No caso de que os proxectos de obras estean divididos en fases, deben achegar a programación total, coa indicación de número de fases, importe e calendario de realización, así coma que contan con financiamento para a realización da totalidade das fases. As sucesivas propostas que se plantexen deberán numerarse por fases coa indicación das xa executadas. Deberá acreditarse tamén que cada unha das fases subvencionadas son susceptibles de utilización independente.
- No caso de obras: declaración de ter acreditada a propiedade ou dereito real que se posúa sobre o ben inmueble, propiedade ou arrendamento, con indicación do prazo de vixencia, e, no seu caso, declaración de ter autorización do propietario para a realización das obras.
- No caso de obras: compromiso de obtención de licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico-artístico e do medio .
- Compromiso de manter a adscrición do ben ás fins que motivaron a concesión da subvención, por un prazo mínimo de cinco anos, no caso de inmobles ou de dous anos no caso de bens inventariables.
- Compromiso , cando corresponda, de inscribir o ben no rexistro público correspondente, con indicación da subvención obtida e do período de adscrición do dito ben ás fins previstas.
- Importe da subvención solicitada, que non poderá superar o 70% do orzamento de gastos.
- Declaración doutras subvencións concedidas ou solicitadas para o mesmo obxecto.

Poderase requirir a entidade para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento. Este requirimento farase mediante o correo electrónico indicado no impreso da solicitude.

Base 8. Resolución

8.1. Valoración das solicitudes específica da convocatoria F0104/2015

- 1.-Orzamento e financiamento do proxecto: ata 40 puntos; para os efectos de valoración terase en conta:
 - A achega da entidade solicitante.
 - A busca de maior autofinanciamento do investimento mediante achegas externas.
- 2.-Adecuación dos investimentos que se han realizar ao interese provincial: ata 35 puntos.
- 3.-Número de persoas beneficiarias directa ou indirectamente dos investimentos: ata 20 puntos.
- 4.-Emprego da lingua galega na realización da actividade: ata 5 puntos.

Base 9. Xustificación e pagamento**9.3. Documentación específica da convocatoria F0104/2015**

As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades de calquera natureza que xeren gastos de investimento, xustificaranse segundo se indica deseguido:

Subvencións de importe inferior a 3.000 €

Presentarase a seguinte documentación:

- Conta xustificativa.
- Factura dixital ou escaneada.
- Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación dos investimentos realizados, dos beneficiarios, dos resultados obtidos e as desviacións acaecidas, e detalle dos ingresos ou subvencións que financiasen o investimento subvencionado, con indicación do seu importe e procedencia.

A memoria deberá reflectir expresamente os seguintes termos: obtención de licenzas preceptivas e cumprimento de normas contractuais e urbanísticas, e acreditarse a recepción da obra ou o equipamento.

Subvencións de 3.000 € ou máis

Presentarase a seguinte documentación:

- Conta xustificativa.
- Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación dos investimentos realizados, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, e detalle dos ingresos ou subvencións que financiasen o investimento subvencionado, con indicación do seu importe e procedencia.

A memoria deberá reflectir expresamente os seguintes termos: obtención de licenzas preceptivas e cumprimento de normas contractuais e acreditarase a recepción da obra ou o equipamento

- Achegarase, ademais a seguinte documentación:

- Adquisición de bens de equipo:

Factura dixital ou escaneada.

Acta de recepción escaneada, ou do albará de entrega e fotografía.

Declaración do acordo de aprobación da factura polo órgano competente da entidade beneficiaria.

Se o importe do equipo supera os 18.000,00 € (IVE excluído) deberá achegarse telematicamente unha valoración pericial do ben adquirido suscrito por técnico colexiado independente.

- Adquisición de bens inmoables:

Escritura pública escaneada se a adquisición é superior a 18.000 € (IVE excluído)

Declaración de inscrición no Rexistro da Propiedade do financiamento obtido e da adscrición do ben á finalidade para a que a subvención foi concedida polo prazo que se establece nas bases, que non poderá ser inferior a cinco anos.

Se o importe do ben supera os 18.000,00 € (IVE excluído) deberá achegarse telematicamente unha valoración pericial do ben adquirido suscrito por técnico colexiado independente.

- Execución de obras:

Certificación escaneada de obra suscrita por técnico colexiado competente.

Relación valorada dixital.

Factura dixital ou escaneada.

Acta de recepción escaneada, e fotografía.

Declaración da aprobación polo órgano competente da entidade beneficiaria da subvención.

Se as obras as executa a administración, na certificación de obra concretarase exclusivamente o importe da execución material, (non poderá incorporar, polo tanto, nin gastos xerais nin beneficio industrial nin o imposto sobre o valor engadido), non obstante poderá ser substituída esta por facturas dixitais ou escaneada, expedidas polos distintos provedores.

Se as obras as executa contratista adxudicatario, á certificación de obra, que poderá conter os gastos xerais, beneficio industrial e IVE, acompañarase factura dixital ou escaneada expedida polo contratista e certificado da aprobación polo órgano competente da entidade. O importe do IVE só será gasto subvencionable se non ten o carácter de deducible para o beneficiario.

A Coruña, 20 de outubro de 2014.

O presidente

O secretario

Diego Calvo Pouso

José Luis Almu Supervía

2014/11267